

2/2004, de 5 de marzo, y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles - que empezará a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente Edicto en el Boletín Oficial de la Provincia - a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde - Presidente de esta Corporación.

O Incio, 27 de octubre de 2008.- EL ALCALDE, Angel Camino Copa.

R. 05404

—  
LUGO

#### ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Servizos.

b) Descrición do obxecto: Contratación da realización dos traballos necesarios para o desenvolvemento e posta en marcha do portelo único empresarial e a implantación da Lei de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servizos Públicos do Concello, así como a implantación e posta en marcha igualmente dunha plataforma de contratación pública electrónica.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: 200.000 euros.

5.- Adxudicación provisional:

a) Data: 10-09-2008.

b) Contratista: ALTIA CONSULTORES, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Orzamento máximo do contrato: 200.000 euros e melloras valoradas en 37.000 euros.

6.- Adxudicación definitiva:

a) Data: 16-10-2008.

b) Contratista: ALTIA CONSULTORES, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Orzamento máximo do contrato: 200.000 euros e melloras valoradas en 37.000 euros.

Lugo, 27 de outubro de 2008.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía núm. 64/2007), Sonia Méndez García.

R. 05365

—  
MEIRA

Anuncio

Por acordo plenario de data de 5 de setembro de 2008, aprobouse provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora do prezo público por actuacións da Banda Municipal e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLAS ACTUACIÓNS QUE REALICE A BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEIRA:

Artigo 1.- O Concello de Meira, en uso das facultades que lle concede a Lei de Facendas Locais, acorda percibir o prezo público sobre as actuacións que lle soliciten da Banda Municipal de Música de Meira co fin de cubrir os gastos derivados de dita Banda.

Artigo 2.- Co fin de organizar as actuacións da Banda Municipal, o Director da mesma, xunto co Alcalde ou o concelleiro delegado nesta materia, confeccionará, a principios de ano, un programa anual de actuacións, tanto as que se deberán realizar en actos organizados polo propio Concello, como en colaboración con outras entidades, e que terán carácter gratuito. A proposta someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local. Se durante o ano xurdisen novos compromisos desta natureza, imprevistos ou urxentes, aprobaranse por Decreto de Alcaldía, dando conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre, non podendo exceder estes compromisos de cinco ao ano.

Artigo 3.- Para contratar á Banda Municipal de Música de Meira deberá presentarse, como mínimo, e salvo causa xustificada, con quince días de antelación, a correspondente solicitude, dirixida ó Alcalde do Concello de Meira, indicando clase de actuación, lugar, data, hora de comezo e duración prevista da mesma. O Alcalde ou concelleiro delegado, previa consulta co Director da Banda, decidirá mediante Decreto, indicando o importe a abonar. A aceptación das actuacións estarán subordinadas ó calendario da Banda e procurando non sobrecargar ós integrantes da mesma.

Artigo 4.- Calquera tipo de actuación da Banda de Música, con carácter xeral terá unha duración máxima de unha hora. Con carácter xeral non se realizarán pasarrúas que teñan unha distancia superior a un kilómetro.

Artigo 5.- As cantidades a percibir por actuación serán as seguintes:

a) Sempre que o desprazamento sexa nun radio de 40 km: 700 euros.

b) Se o desprazamento está entre os 40 km. e os 100 km: 900 euros.

c) Se o desprazamento supera eses kilómetros pero é dentro de Galicia: 1.500 euros.

d) No caso de que a actuación solicitada fose fora de Galicia estableceríase unha tarifa especial a determinar en cada caso dependendo das circunstancias e características da actuación.

No caso de que a actuación sexa un concerto e se complementase con algunha outra (pasarrúas, procesión,...) o importe total incrementarase en 100 euros.

No caso de que o solicitante se comprometa a costear directamente a manutención dos integrantes da Banda descontaríanselle 300 euros do custo total. En todo caso deberá acreditarse coa solicitude a calidade e cantidade da manutención.

Se como consecuencia do desprazamento ou as horas de actuación fose necesario pernoctar no lugar ou no traxecto, o custo do aloxamento correrá por conta do solicitante. Deberáse xustificar a reserva de dito aloxamento con anterioridade á actuación.

De forma excepcional, e se existen circunstancias de interese cultural, social, benéficas,... poderá realizarse unha bonificación na contía total de ata un 50%. A aplicación da bonificación e a determinación da porcentaxe a aplicar determinarase no Decreto de autorización, previa consulta co Director da Banda.

Artigo 6.- Con carácter xeral, o pago dos prezos públicos sinalados no artigo anterior, deberán satisfacerse polos solicitantes nunha conta municipal, como máximo, dentro dos dez días naturais seguintes á actuación, transcorridos os cales quedará expedita a vía de cobro por coarxamento, de acordo coa normativa aplicable.

#### DISPOSICION ADICIONAL.

O previsto nesta ordenanza poderá ser de aplicación analóxica a outras bandas municipais que se podan crear, agás as contías que deberán establecerse especificamente mediante a modificación desta ordenanza.

#### DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP de Lugo e continuará en vigor ata que sexa modificada ou derogada.

Meira, 22 de outubro de 2008.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 05362

#### A PASTORIZA

Anuncio de adxudicación provisional de procedemento negociado sen publicidade.

De conformidade co establecido no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, faise público que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de outubro de 2008, acordouse adxudicar provisionalmente mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato das obras do proxecto de "pistas polideportivas exteriores" á empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L. polo prezo de 100.000,00 euros, IVE incluído.

Pastoriza, 31 de outubro de 2008.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 05469

#### RIBADEO.

##### Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 14 de outubro de 2008 o padrón para o cobro dos tributos correspondentes pola parada de taxis na vía pública, para o presente ano 2008, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria dende o 15 de outubro de 2008 ao 14 de decembro de 2008 amolos dous días inclusive.

Ribadeo, 24 de outubro de 2008.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 05395

##### Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 14 de outubro de 2008 o padrón para o cobro dos tributos correspondentes por caixeiros automáticos e máquinas expendedoras de produtos, para o presente ano 2008, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria dende o 15 de outubro de 2008 ao 14 de decembro de 2008 amolos dous días inclusive.

Ribadeo, 24 de outubro de 2008.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 05396

##### Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 14 de outubro de 2008 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recollida de lixo e sumidoiros para o bimestre xullo-agosto de 2008, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria dende o 15 de outubro e o 14 de decembro de 2008.